



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

SEC 2016-177

CONCURSOS PARA ELABORACIÓN DE POSTAIS DE NADAL E PARA CREACIÓN DE BELÉNS

Monterrei, 2 de Decembro de 2016

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, o día 30 de novembro de 2016, aprobou as seguintes bases que rexerán o concurso de beléns:

Bases do II concurso de beléns

- I. Poderán participar as asociacións, agrupacións, colexios, entidades cidadáns e particulares en xeral pertencentes ao Concello de Monterrei que formalicen a súa inscrición dentro do prazo establecido.
- II. Características:
Os beléns poderán ser de calquera tamaño. Deberán recrear ambientes rurais, utilizando para a súa elaboración materiais tradicionais tales como serraduras, cortiza, ríos con auga en movemento etc.
- III. Valorarase positivamente en todos os casos a orixinalidade, o traballo artesanal, o enxeño, a riqueza artística, o esforzo, os materiais utilizados, o uso de elementos reciclados e a laboriosidade na execución das obras.
- IV. Valorarase negativamente os detalles de mal gusto e todo o que atente contra o carácter propio que debe presidir os nacementos.
- V. Os Beléns participantes deberán incluír como mínimo as tres escenas fundamentais: animación dos pastores, nacemento e adoración dos Reis.
- VI. As persoas interesadas en participar no concurso deberán formalizar as súas inscricións ata o día 19 de decembro, sendo a recollida de inscricións así como a súa entrega nas oficinas do Concello de Monterrei, de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 h. no teléfono 988 41 80 02 ou no e-mail concello@monterrei.es. Facilitando todos os datos de contacto: nome da entidade e representante, teléfono, enderezo e correo electrónico.
- VII. Haberá un xurado que estará integrado por un representante eclesiástico e representantes do Concello.
- VIII. Cada xurado puntuará o Belén participante de 0 a 10 puntos. A suma de todos os puntos recibidos dará lugar aos finalistas deste concurso, que serán visitados e valorados para designar ao Belén premiado desta edición. En caso de empate, volverase puntuar entre os empatados, pero nesta ocasión do 1 ao 3, así sucesivamente ata que haxa dous claros gañadores.
- IX. O xurado efectuará unha visita o día 20 de decembro, previamente de acordo cos interesados. O xurado resérvase a facultade de interpretar as presentes bases ou resolver calquera imprevisto.
A ser posible, deberán estar presentes os autores dos Beléns durante a visita do



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

xurado.

X. Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

- 1º premio: 100 €
- 2º premio: 50 €


Todos os inscritos no concurso recibirán un recoñecemento pola súa participación.

XI. O resultado do concurso farase público o día 5 de xaneiro, durante a recepción dos Reis Magos, sendo a entrega de premios no mesmo día.

XII. O xurado resérvase o dereito de deixar desertos aqueles premios que considere oportunos por non reunir as condicións mínimas de calidade na súa confección e a súa decisión será inapelable.

XIII. A participación nesta convocatoria comporta a aceptación destas bases.

O alcalde


José Luis Suárez Martínez

